

NÚMERO 11// XULLO-AGOSTO 2022

EXTRA
DE VERÁN

CHÍO

GAITEIRO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Obra pictórica de Manuel **Carreira**



**Manuel Ángel Carreira
Varela**

"Mis cuadros quieren despertar una sonrisa de quien los mira; busco la serenidad, no quiero ruido ni estridencia"

Este lugués, que exerce de tal, tamén de tanto en canto, apártase do urbán para adentrarse na soidade do campo, na tranquilidade de A Regueira, na Pastoriza. Carga pilas e explota a súa inspiración colorista e pinta, pinta, pinta desbocadamente e cunha fe irreductible no que fai; cunha imaxinación desbordada, rotunda, alegre, feliz...Carreira desfruta e fai desfrutar. Carreira pinta para pasalo ben e contaxiar ca súa obra, que miramos e voltamos mirar para atopar os máis pequenos e sutís detalles.

Joana Abril, comenta: *"A orixinal figuración pictórica do pintor Manuel Ángel Carreira recala no espazo galego, que alberga as últimas novidades de artistas locais. Polos seus cadros desfilan personaxes que parecen extraídos dunha fantasía costumista, coñecidos, pero caricaturizados cun halo de surrealismo que queda enfatizado dende as poses, os xestos e as cores intensas que dan volume ás formas. Contraluces marcados e trazo denso caracterizan os cadros que navegan entre o simbolismo e o humor"*.

PORTADA INTEGRAL



PEDRA A PEDRA

!Pedra e pedra!

Enriba da pedra: pedra.

Debaixo da pedra: pedra.

Aos lados da pedra: pedra.

!Pedra e pedra!

Ringleiras de pedra.

Dois quilómetros checos de pedra.

A cara bonita da pedra.

A cara máis recta e natural da pedra.

Pedra posta ao cordón.

Pedra sobre pedra.

Eterno retorno da pedra

que agarda cun frío de pedra

o paso da pétrea humanidade



ASÍ SOMOS

Presentarse a unha mesma debería estar prohibido. Máxime, se cubrimos o trámite nunha revista, que lería é esta?

Tal vez o que me "salva" é o de non teren que dar dous bicos, porque a moda voltou, xa o notaron, non? Aínda menos mal que non falamos dunha presentación en sociedade...que esto non volte, por favor!

Cumpridos os dez números de **Chío**, non lles quería facer o feo de non poñerme cara. E non se trata dunha cuestión vaidosa: saiban así quen figura coma responsable de perpetraren esta revista, máis nada.

Polo tanto, nas imaxes superiores, eu sería a da dereita e ao lado, quixen agasallar estas notas co que penso, sería o meu *skyline* favorito de Lugo (perfil de cidade para ese merchandising no que sempre estou a pensar). E digo sería, se na cidade quixesemos, entre todos/as, un pouquiño máis á nosa contorna. E coloco a primeira persoa do plural, por ver se con esas, animo a unha implicación xenuina e, de paso, asumo responsabilidade comunitaria, que é algo que como o da presentación en sociedade, parece que xa non se leva, malia neste caso, a necesidade que habería...

MELINA LÓPEZ

VACACIÓNS

Agustín Gallego, Presidente de **Lugo Sempre**.

Chega o verán, a tempada estival e as vacacións son o momento máis agardado para todos/as.

Como se di en inglés un "break" non é un pouco, temos que comprimilo e facer un moito.

As persas cansámonos do traballo diario, de asistir ás clases durante todo un semestre. Chegan as vacacións, toca facer maletas e plans por doquier.



Vacacións...destinos variados e diversos segundo os gustos de cada quen, é o momento de descansar, o momento de recargar as pilas.

Nestas datas quero ter unha lembranza especial para os nosos/as maiores, para as persoas dependentes, para todos/as aqueles/as que están nas residencias ou nos seus fogares. Dicirlles que son parte de nós, que son ese espello no que nos temos que mirar...

E remato tirando do refraneiro galego: "cuidado co de recuncar" se vas a coller o coche.

Boas e felices vacacións para todos/as!

PLACA PARA UNA POSTAL

JUAN SOTO

Da columna de **Juan Soto**, publicada no diario **ABC** o pasado 13 de Xuño



La postal de Lugo no es la fachada principal de la catedral, ni el Cristo Majestad de su puerta norte, ni el paso del Miño ("ouca dourada inmóvil" cantó Manuel María), ni el timbre eucarístico de la Ciudad del Sacramento con la ofrenda del Antiguo Reino. La postal de Lugo es el cubo de A Mosqueira, con su ventanal como último vestigio de la primitiva construcción bajoimperial. Desde allí (imaginaron los pinceles de Modesto Brocos) humillaron los lucenses a las tropas musulmanas de Muza y tuvo raíz el linaje de los Bolaño: no hay nada como la fantasía de un pintor para aligerar el plomo de las genealogías.

Allí, en A Mosqueira- ahora muy embellecida con sus recién estrenadas galas urbanísticas-, hubo feria de ganado y cacharrería y calderos de pulpo y luego un desangelado jardincillo y hasta una Cruz de los Caídos adosada al muro. Como respetamos el monopolio de Fole en la materia (también Cunqueiro se sometía a la primicia foleana en la revista "Yunque"), evitemos la manoseada alusión a las impresiones del señor De Poncheville en el San Froilán de 1928, pero atrevámonos a sugerir la posibilidad de que una placa recuerde el paso de quien dejó, negro sobre blanco, el más literario y melancólico elogio de Lugo: " Un poète malade menerait une vie hereuse á Lugo"



Hacia a pie el camino a Compostela el señor De Poncheville. Y ya antes que peregrino había sido romero y palmero. Era amigo de Stefan Zweig, resucitado ahora por lectores jóvenes, y de Francis Jammes, una de las devociones de nuestro Luis Pimentel.


En aquel San Froilán de 1928, se cocía el pulpo en los calderos de A Mosqueira.

Los garabatos negros de las pulpeiras le recordaron al viajero las brujas de Macbeth. "Fuego quema y calero burbujea", dice el gran Shakespeare.



Ahora con A Mosqueira peatonal y engalanada, tal vez fuera procedente que una placa recordase el paso del señor De Poncheville, "el peregrino poeta" como le llamo Don François Mauriac, el del Nobel. A lo mejor, hasta era de justicia.





Xogos de verán... e de todo o tempo.


Gardar e espallar é a razón de ser de **XOTRAMU** (Xogos Tradicionais de Muimenta) Os zancos, cañoteiros, zurriagazo, a tarabela, tiracoios ou tirabeque, a corda,...e un sinfín de xogos tradicionais que esta asociación trata de gardar e recuperar para que perviva no tempo o xeito de xogar dos nosos pais, nais, avós e avoas.*

1. **Os guás.** As bolas, protagonistas; os bugallos, as mecas, os bolindres...A finalidade no taboleiro deste xogo é sumar e sumar e sumar puntos.
2. **Quebracabezas.** O da foto é ben doado, pero algúns dan moito que facer.
3. **Nabo ao caldeiro.** Sinxelo: cando as nais ían apañar os nabos, os rapaciños entretíanse tentando meter os nabos no caldeiro dende unha certa distancia e así quedou como xogo popular.
4. **O peón.** Tamén chamado trompo, buxaina ou bailarete. Xoguete de madeira cun cravo de ferro na súa punta. Cunha corda ligada na "barriga" ate o "pirucho", para logo lanzala e que baile.
5. **A ra.** Xogo de precisión que consiste no lanzamento duns discos metálicos (pello), dende unha distancia de dous/tres metros, a unha caixa con cinco furados, argolas, moiño e unha ra ca boca aberta por onde teñen que meterse os discos.

MÁIS CINE, POR FAVOR

Lembrando aquela canción de **Luis E. Aute**, as fotografías transpórtannos a un tempo en que o cine resultaba ser o epicentro da diversión nun Lugo gris con tintes negros.

Aínda que houbo cine anteriormente, os xa entrados en anos, lembran que o máis comercial e entretido comezou co **Cine España** no ano 36; a sala ía chamarse Cine Xolda, pero a "autoridade competente" non permitiu tal bautizo; séguelle o nunca esquecido **Gran Teatro**, que abriu o telón, patio de butacas, plateas, cadeiras de entrechán e cadeiras de xeral e bancada corrida, no 1940.



Un ano máis tarde, no 1941, algo semellante na rúa Juan Montes co **Central Cinema**. Houbo que agardar seis anos para que en 1947 inaugurasen dúas novas salas na cidade: o **Cine Kursal** e o **Cine Victoria**, sendo este o prototipo de cine de barrio e dez anos máis tarde, en 1957, contiguo ao Victoria, inaugúrase o cine máis señorial da cidade: o **Cine Paz**. A día de hoxe nada queda daquelas salas, acaso o edificio do Cine Victoria, pero sen rastro do pasado. E si, foron numerosas as salas de proxección na nosa provincia.

En próximos números de **Chío**, invitaremos a **Manuel Curiel**, que de esto sábeo todo, para que nos achegue ao presente, lembranzas de cine da nosa provincia.



Tamén queremos deixar constancia das cousas ben feitas que algunhas veces ocorren.

Moitos lembrarán o célebra **Cine MAN** de Rábade -1945- , o de MAN, contaba o alcalde do veciño municipio, **Franciso Fernández Montes**, procede de tres apelidos: M, de Montes; A, de Ares e N de Nistal. Alí tamén houbo actividade discotequeira, co nome de Agarimo.

Ben, pois por iniciativa do goberno de Rábade, o Cine MAN, regresará en breve á vida; incluso con proxeccións cinematográficas e unha constante actividade cultural.

Felicitacións, logo!

ADIVIÑA: ONDE ESTÁ LA SUIZA?*



LETRAS REVOLTAS*

A idea aquí é ordear correctamente, cada secuencia de letras, ata atopar o nome de distintos axentes culturais da cidade (xa saben: non están todos os que son, pero sí son todos os que están):

1. LIVOGVAU
2. AFECAL
3. PHICOTRIA ATROET
4. MIFÑAON
5. SOEEMCIRFCSO OSMTARUARIXD
6. TAIMSTR ORIEDTLA
7. UFNAX SO TOVENS

MUSEO DA ROMANIZACIÓN

PACO NIETO

MUSEO



Invito a quen esto lea, contemple ao detalle a fotografía que se acompaña; á dereita parte da Rúa Nova; á esquerda, Quiroga Ballesteros; no primeiro plano, segmento da rúa Bolaño Rivadeneira e, ao fondo igrexa de San Pedro e Museo Provincial.

Aproveito este momento, para agradecer a un comunicante que me achegara a foto desta maqueta que fala por sí mesma.

Comezo sinalando que no cuartel de San Fernando, o Concello de Lugo tivo que facer un desembolso de preto de dous millóns e medio de euros, como pagamento ao Ministerio de Defensa, para que o edificio pasase a pertencer ao patrimonio do Concello. Isto aconteceu no ano 2022, sendo alcalde da cidade Xosé Lopez Orozco e delegada de cultura, Branca Rodríguez Pazos.

Un par de pequenas cuestións, alcaldesa:

- a primeira delas, cae de caixón: "O que teña tenda que a atenda e quen non a atenda, que a venda"; quere isto dicir que lle corresponde a vostede gardar o decoro do edificio en cuestión.

- a segunda e tal vez máis importante é un rogo: pídlle axuda para interceder ante a titularidade do Museo Provincial e a súa delegada de Cultura, boa amiga súa, teño entendido e algo metida no seu propio goberno, para que interceda ante o señor que preside a entidade provincial e reserve unha módica cantidade no orzamento anual para acometer as obras que amosa a maqueta e ubicar, nesa ampliación das novas instalacións do Museo Provincial de Lugo, e así, albergar o chamado Museo da Romanización de Galicia.

Serían cerca de sete mil metros cadrados e como lles amoso na fotografía, pode ser unha grandísima obra para o Lugo dos meus amores e dos seus, supoño.

Por certo, non vaia a ser que haxa que poñer un epitafio que diga: "Eiqui jaz o meu señor que morreu estando sano por querer estar millor".

Busque o proxecto, busque nos caixóns, que aparecerá; a pesar do que se di, cóntase polos mentideiros de palacio, que está baixo chave nalgún departamento da Excelentísima Deputación e hai quen afina e sitúa a maqueta en cuestión, no edificio que albergou a sede de Suplusa; pregunte, pregunte e , por favor, valore.

ENCRUCILLADO*

O Darío fixo o encrucillado para a Voz de Galicia durante 34 anos e 5 días sen faltar un só: máis de 12000 encrucillados en galego que foron acollidos nas casas de moitas galegas e galegos con moito seguimento e orgullo do noso idioma, nun labor silente pero intenso de normalización lingüística. Entre trinta e cinco e corenta e cinco palabras por cada un, postas a man unha a unha, sen ningún programa informático máis có editor de textos cos que escribía os enunciados e as solucións, o Darío traballaba nos encrucillados coma un obreiro das palabras, coma sempre foi en tódalas esferas da súa vida e do seu traballo, un obreiro, un proletario ilustrado.


Teño 47 anos, polo que boa parte da miña vida estivo acompañada polo encrucillado diario de meu pai. Ás veces probei a facer algún e comprobei o difícil que era artellalos, ter todas esas palabras na cabeza e entrelazalas. Ás veces collía o xornal, antes ou despois de xantar, e dicíalle: “vou ver se podo contigo”. Ás veces podía e daba completado o reto, ás veces non e el ríase. Contábame que tiña que equilibrar palabras máis ou menos difíciles, encrucillados que por veces eran algo máis revirados con outros que se facían de contado: pra atinxir distintas persoas, pra non aburrir nin tampouco desesperar a xente. E penso que o conseguía con mestría. Por veces apetecíalle facer unha pequena homenaxe: como fixo cando incluíu o apelido de María Lado e logo de Lucía Aldao, as admiradas Aldaolado; ou cando mencionaba dun sitio especial pra el, un artista..., ás veces quería incluír unha palabra en concreto por destacala, por recuperala, e armaba o encrucillado arredor dela.

De cando en cando, tocaba facer os encrucillados, pra entregalos con tempo e ter sempre marxe por se pasaba algo. Collía as 38 plantillas distintas que tiña, imprimía e cubría a lapis, unha vez cubertos tocaba definir e verter a información no ordenador, e ultimamente xerar uns pdf a partir do word e duns excel coas solucións que lle argallara o Martiño, meu irmau, biólogo e mestre das follas de cálculo e de moitas outras cousas e de quen tan orgulloso estaba o noso pai.

Ás veces achegábame cabo del ó seu despacho e preguntáballe que facía: “crucigramas, mellor vaite”. Concentrado diante do papel, por veces consultando un diccionario, volvía contento cando acababa a xeira. O exemplar de Colette, *Claudine á l'ecole*, unha das súas últimas traducións, inda inédita, está cheo de anotacións e datas nos tramos que ía facendo. Chegou á páxina 103 o “23/3/20 ás 13:20 e paso ós encrucillados”, era un luns, e o Darío poñíase a tecer palabras pra nós destecelas, máis unha vez. Beizón, papá.

Romeán, 21 de xuño de 2022

Alexandra Cabana Outeiro



HORIZONTAIS. **1** O lobo (...), chámasele ó que comeu a Carapucha Vermella. Prebe, salsa. **2** Nome árabe de Deus. Que non ten nada dentro. Descifrou un escrito. **3** Símbolo do cobalto. Sométese a unha lei ou a unha autoridade. Marchar. **4** Conxunción. Supresión dun fonema ou dunha sílaba ao final de palabra. Artigo masculino. **5** Carballo pequeno. Bagos de vide. **6** Portugués. Imputas, reprochas. **7** Do revés, preposición. Baixar un avión na auga. **8** Conxunción. Vaso sanguíneo principal. Acolá. **9** Segunda nota musical. Baño de vapor. Símbolo do ouro. **10** Nese sitio. Fútil. Cen. **11** Flor moi cheirosa. Ceibo.

VERTICAIS. **1** Realizar, obrar. Ao redor do solpor. **2** Forma neutra do pronome de terceira persoa. Doenza dexenerativa moi grave. Pronome feminino de terceira persoa. **3** Batracio. Queima, agosta. Marchar. **4** Artigo masculino. Gallardos. Quiñentos. **5** Faixa resaltada na parte inferior dunha parede. Liña de luz. **6** Ladrón mitolóxico. Gran peixe de mar. **7** Coloquialmente, automóbil de dúas rodas. Estímanas moito. **8** Símbolo do osíxeno. Desaproba a berros. Doce meses. **9** Dígrafo usual. Bela cidade portuguesa. Pronome de terceira persoa. **10** Norma xurídica. Axexa. Símbolo da tesla. **11** Pau da baralla. Afónico.

OUTRAS PERSPECTIVAS DO NOSO LUGO (CAPITAL)

ESTHER ACITORES

Las visitas culturales en la ciudad de Lugo son bien conocidas, subir a la Muralla o incluso a las torres de la Catedral ya lo hemos hecho o pensado hacerlo, pero tenemos algunos restos poco conocidos que se podrían incluir entre las asignaturas pendientes para conocer nuestra ciudad.

Una de estas visitas bien podría ser el **Castro de la Piringalla**, del que conocemos su localización como se puede ver en la fotografía, pero que por cuestiones de conservación no se puede ver tal y como aparece en la imagen. Según los estudios arqueológicos realizados por **Roberto Bartolomé**, el castro fue arrasado ya en época romana sin que sepamos por el momento la razón que llevó a su desaparición, posiblemente ligada con su cercanía a la ciudad de Lugo. Se encuentra ubicado cercano a la zona de captación de agua del acueducto romano que surtía a la ciudad y cercano a la vía romana que unía Lucus Augusti con la ciudad de Brigantium.



Foto El Progreso



Mucho nos queda por descubrir del Lugo romano, pero también es mucho lo que podemos visitar en nuestra ciudad, lo que no solemos buscar son esos lugares escondidos con restos romanos de los que nuestra ciudad está bien surtida, como los **hornos de alfarería** que se encuentran en la Rúa Nova 78, la entrada nos la permitirán las chicas de Panda-Cúnico, pero no es apto para grupos, por el escaso espacio.

Se trata de dos hornos alfareros de los siglos III y IV d.C., hay que recordar que Lugo fue un centro alfarero muy importante que exportaba sus productos a lugares como el valle del Ebro o Portugal. Se han encontrado restos de más de 40 hornos en Lugo lo que nos hace pensar en la importancia de estos en la época romana.



Un lugar muy interesante, y a la vez poco visitado, donde podemos ver un horno alfarero prácticamente completo y saber cómo funcionaban estos hornos en época romana, es en el **Museo Arqueológico de San Roque**, donde a su vez, podemos hacernos una idea de cómo se enterraba en la época romana, puesto que se encuentran varias tumbas de inhumación in situ, de las más de 30 encontradas en la necrópolis situada en la zona, y también podemos ver restos de incineraciones trasladados desde otras partes de la ciudad romana.

Continuando con los restos romanos poco conocidos, nos encontramos con la **estructura funeraria** de la época alto imperial encontrada en o Vello Cárcere, una estructura poco conocida pero relacionada con el mundo funerario.



Para acabar con la ciudad de Lucus Augusti, que sigue dándonos momentos estelares con hallazgos muy interesantes, se está trabajando en la habilitación de uno de los restos de una de las **cloacas romanas** para su musealización, tendremos que visitarlo.



"Yo soy **Esther Acitores**, la guía de turismo que os ha intentado guiar por estas joyas, a veces poco conocidas, de nuestra ciudad y provincia*; aunque palentina de nacimiento, soy gallega por amor, y nunca mejor dicho, me enamoré de un gallego y me vine a vivir a esta ciudad de la que estoy enamorada y la que intento enseñar a nuestros visitantes desde hace ya una docena de años (cuando me examiné del carnet de guía de turismo) Hoy en día saliendo de esta pandemia que nos ha tenido encerrados casi un par de años, os invito a conocernos, a disfrutar de todo lo que puede ofrecer esta tierra, buenos productos, mejores gentes y miles de lugares con encanto e historia."

MARIDANZA DE VERÁN

MELINA LÓPEZ

Por se con coñecían o termo, unha maridanza é sinónimo de maridaxe, aínda que para os máis fantasiosos/as, ben podería referirse a unha muller (Mari) que baila (danza), coma quen exerce momentaneamente de **Ramón Gómez de la Serna** e inventa greguerías.

Para os que gozamos da lectura, un ritual aprendido e, ás veces, practicado, é o de maridar letras ou historias, con diversos aditivos. Por enriquecer, por gozar nun plano dobre ou triple, como se désemos de cheo co espazo de Hilbert.

Chío contribúe a túa selección de historias para o verán, con estas propostas de dobre dimensión. Apunta!



LA CABEZA PERDIDA DE DAMASCENO MONTEIRO. Antonio Tabucchi.

Ista é a típica novela que en aparencia, agocha unha investigación criminal, co pretexto de transitar por un escenario que se converte nun personaxe máis.

A trama está baseada nun feito real: a aparición dun cadáver decapitado nun parque da cidade de Porto.

Se che gusta Portugal, vas estar cómodo/a; se che gusta o misterio, aquí tes un exemplo de nó clásico e se che gusta a metaliteratura, outra razón, para achegarte a ela.

MARÍDAO CON:



Unha **escapada** a Oporto, cidade onde transcórron os feitos.

Pasear polos lugares que percorre Firmino (o protagonista) dalle encanto engadido a lectura e mesmo ao propio Portugal, que non pode ser máis literario e fotoxénico!

(No canto de non ir aló, revisa as túas últimas fotos de Oporto: marabilla, seguro!)





LAS LEYES DE LA FRONTERA. Javier Cercas.

Se os oitenta che cadraron cando rapaz/a, esta historia vai ir directa ao teu corazón: cun elenco de personaxes disposto a levarte polo mundo quinqui da época e cunha estrutura argumental magnificamente enfiada. Cercas aumenta en cada parágrafo a complicidade co lector/a e faite partícpe necesario, das andanzas deste grupo inesquecible.

MARÍDAO CON:



A **película** do mesmo nome, rodada por **Daniel Monzón** que é unha moi aceptable adaptación da novela. Conta ademais co lucense **Chechu Salgado** (Sober, 1991), no reparto, interpretando a Zarco, papel polo que obtivo o Goya revelación 2022.



TRES ROSAS AMARILLAS. Raymond Carver.

Compendio de relatos onde cada un é mellor ca o anterior. O que dá título ao libro, narra os últimos días de **Chèjov**, explorando as emocións a través dunha prosa concisa e sinxela. Pero todos os relatos están bañados polo universo Carver: realismo sucio, con intensidade e profundidade para escenas e situacións mínimas protagonizadas por seres ben comúns.

MARÍDAO CON:



Obras pictóricas de Edward Hopper. Ninguén ten por seguro se Carver admiraba a Hopper, ou se Hopper chegou a saber algo de Carver; o caso é que ambos conseguen, coma ninguén, darlle intensidade e peso a situaciones cotiás, ata o grao de facer cómplice ao que mira ou le.

O ÚLTIMO BARCO. Domingo Villar.

Domingo Villar logrou un fito importantísimo para a literatura en galego: crear novela negra no noso idioma, que chegara aos lectores/as e inventar un detective crible que resolvía moitas cousas arredor da mesa: o Leo Caldas.

Se aínda non o coñeces, lembra que esta será a súa última viaxe e ben merece unha lectura: pola gran ambientación do libro, que fai que te sintas coma na casa; por saber manter moi ben o interese na narración e por seren o "noso" detective.

MARÍDAO CON:



Un **viño galego** (vale da casa) ou un prato de poñamos, **arroz con bagavante**. Se lle das ao play e escoitas **jazz** como facía Leo, a maridaxe está completa.



EL PANTANO DE LAS MARIPOSAS. Federico Axat.

Sam conta como foi o verán de 1985, cando tiña 11 anos, xunto ao seu amigo e máis Miranda, que lle rouba o corazón. Un verán decisivo, con segredos que se irán descubriendo, un deles, relacionado co accidente da súa nai.

Unha historia con dous fíos temporais: 1985 e 2010, cando os nenos/as xa son adultos e rememoran o pasado e cun xiro final que resume o sentido da narración. Ideal como lectura de verán



MARÍDAO CON:



A **música** de "Aquellos maravillosos años" (preme na ligazón, se queres) Porque as historias de iniciación soan como o "For what it's worth".

ACLAREMOS SE É PRECISO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

No referente aos **contidos** deste número de **Chío**, é preciso aclarar:

- Poema: "Pedra a pedra" é de **Xosé Otero Canto**.

- Colaboración: "Outras perspectivas do noso Lugo" de **Esther Acitores** é referida á capital e así se indica, posto que haberá outra entrega con propostas enfocadas na provincia.

- Pasatempos. Atopa aquí as solucións:

1. Onde está La Suiza?



2. Encrucillado

SOLUCIÓNS


HORIZONTAIS. 1 Feroz. Mollo. 2 Alá. Oco. Leu. 3 Co. Acata. Ir. 4 E. Apócope. O. 5 Rebolo. Uvas. 6 Luso. Após. 7 sarT. Amara. 8 E. Aorta. Aló. 9 Re. Sauna. AU. 10 Alí. Inane. C. 11 Nardo. Solto. **VERTICAIS.** 1 Facer. Serán. 2 Elo. ELA. Ela. 3 Ra. Abura. Ir. 4 O. Apostos. D. 5 Zócolo. Raio. 6 Caco. Atún. 7 Moto. Ámanas. 8 O. Apupa. Ano. 9 Ll. Évora. El. 10 Lei. Asala. T. 11 Ouros. Rouco.

3. Letras revoltas

1. Vivalugo
2. Facela
3. Hipócrita Teatro
4. Fonmiñá
5. Microefectos dramaturxicos
6. Tristram editorial
7. Fuxan os Ventos

No apartado das **imaxes**, aclaramos que todas son estampas de **Lugo**; ben cedidas, ben de autoría propia; ou no caso, sinálase a procedencia.

Coordina e dirixe Chío, Melina López.





Descarga de balde e comparte todos os números de **CHÍO** dende: www.lugosempre.com